

## **Escola de Participación Cidadá de Narón**

No 2020 volve de novo a Escola de Participación Cidadá de Narón, un espazo de relación entre a veciñanza e o Concello que pretende dar resposta dunha maneira integral e innovadora á participación cidadá no municipio, cumprindo o marco normativo fixado no Regulamento de Participación Cidadá e integrando os principais desafíos do momento actual.

A Escola de Participación Cidadá artículase a través de cinco grandes áreas:

1. Atención á cidadanía e Estudo do movemento asociativo
2. Secretaría dos Consellos Territoriais e Consellos Xerais
3. Plenos escolares
4. Formación
5. Plataforma de participación cidadá

A principal ferramenta de documentación e participación da Escola é a plataforma [naronparticipa.es](http://naronparticipa.es), onde as entidades e as persoas particulares se poderán rexistrar para facer achegas ou compartir información.

Nas redes sociais da Escola de Participación iranse compartindo todas as novidades relativas a este proxecto. Podes seguilas en:

FB/EscolaParticipacionNaron  
Instagram/@EscolaParticipacionNaron

Para dúbidas ou máis información, o enderezo electrónico de contacto é [escolaparticipacion@naron.es](mailto:escolaparticipacion@naron.es), e o teléfono o 603 865 413.

Presta atención ás novidades, seguiremos informando!